



Proposta pastoral en *Evangelii Gaudium*

Antonio Ávila Blanco¹

Evangelii Gaudium, programa para o presente pontificado.

Como é coñecido por todos, a exhortación apostólica *Evangelii Gaudium* é, entre outras cousas, o programa para o presente pontificado (EG 1). Un programa que se sitúa no contexto dunha nova etapa evanxelizadora, para a que o papa Francisco, do mesmo xeito ca o Documento de Aparecida, considera necesaria unha conversión pastoral. Tema ao que a exhortación dedica a segunda parte do capítulo primeiro (EG 25-33).

Aínda que dita «conversión pastoral» non é propiamente o tema da presente reflexión, senón as consecuencias que dela se derivan para a forma de articularse e vivir as comunidades, e de exercer os ministerios, debemos subliñar que é o marco xeral no que se comprende e sitúa a proposta do papa Francisco; por iso considero que non está de máis, aínda que contemos con numerosas publicacións sobre o tema², dedicar unhas liñas á devandita conversión, co fin de clarificar o seu obxectivo e o seu contido.

1 Antonio Ávila Blanco é licenciado en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid e doutor en Teoloxía catequética pola Universidade Pontificia de Salamanca (UPSA). Foi profesor no Instituto Superior de Pastoral (Madrid) e colaborador da Facultade de Teoloxía San Dámaso. Actualmente está retirado.

2 Probablemente das múltiples publicacións, a que considero máis interesante é a de Vitor Manuel Fernández, *Conversión pastoral y nuevas estructuras. ¿Lo tomamos en serio?*, Agape libros, Bos Aires 2010, dada a proximidade do autor ao Papa Francisco desde os seus anos na Arxentina.

En *Evangelii Gaudium* o papa Francisco, co termo «conversión pastoral», non quere referirse á conversión de cada unha das persoas, crentes ou non, ao Evanxeo (aínda que todos, sen dúbida, necesitamos permanentemente estar en estado de conversión). Con este termo distánciase do concepto clásico de «conversión persoal», que tamén aparece na exhortación, para referirse con el á totalidade da Igrexa. É a Igrexa, mais non como un ente abstracto nin como a simple suma dos seus membros senón como un corpo social, o pobo de Deus, a que é convidada á conversión. Unha conversión que o papa adxectiva como «pastoral» (EG 25, 27 e 32), co fin de que o Evanxeo proclamado por ela, poida ser crible para o mundo, porque os seus membros e comunidades víveno e manifestan no seu ser e no seu facer, e porque é transparentado polas súas estruturas. Unha conversión, por tanto, que supón unha renovación eclesial nas súas estruturas, nas súas institucións, nas súas comunidades, nas formas de vivir o exercicio dos diferentes ministerios, etc. etc. Unha conversión que comeza desde a sede de Pedro, a súa cabeza (EG 32), e que debe estenderse como unha mancha de aceite por todo o corpo eclesial³.

1.- A proposta da conversión pastoral

Que entende o papa Francisco e que debemos entender nós por conversión pastoral? Cales foron os pasos dados a este respecto? Como foron acollidos estes no noso contexto eclesial? Que resistencias nos vemos obrigados a vencer? Que propostas a desenvolver? Estas e outras moitas preguntas, que se desprenden do punto de partida anterior, son as que agora debemos abordar.

O papa Francisco, como el mesmo sinala desde o principio da exhortación, quere dirixirse «aos fieis cristiáns para convidalos a unha nova etapa evanxelizadora marcada por esa alegría, e indicar camiños para a marcha da Igrexa nos próximos anos» (EG 1). Con-

3 Sobre isto xa me referín amplamente en A. Ávila, «Desafíos para a reforma da Igrexa», en VV.AA. *Evangelii Gaudium y los desafíos pastorales de la Iglesia*, PPC, Madrid 2014, pp. 59-110.

sidera, pois, que nos atopamos nunha nova etapa evanxelizadora marcada pola alegría. Algo que nos trae ecos da convocatoria do Vaticano II por parte do papa Xoán e do seu discurso inaugural⁴, no que aquel apelaba tamén á alegría e auguraba novos camiños para a Igrexa (EG 84). Un Concilio que non era convocado para condenar ningunha doutrina errónea, senón cun marcado carácter pastoral. Un Concilio de «aggiornamento», de reforma. Proxectos que parece recoller a exhortación do papa Francisco. Non en balde se considera que nos atopamos inmersos na terceira lectura e recepción daquel Concilio⁵. Unha lectura que conecta coas intencións do papa Xoán, porque tampouco o papa Francisco inclúe no seu proxecto a condena de erros doutrinarios, aínda que si a denuncia desapiadada de perversións no exercicio pastoral. A súa invitación á conversión non fai referencia ao ámbito das crenzas, senón ao das actitudes, e en concreto ás actitudes que posibilitan ou imposibilitan a acción pastoral. E unha proposta neste caso xa non de «aggiornamento», senón de reforma en toda regra (EG 17. 26-33). «Unha reforma da Igrexa e da súa predicación que permita realmente chegar a todos» (EG 43). E neste sentido, cando xa levamos un percorrido suficiente do pontificado, non se pode acusar ao papa Francisco de quedar unicamente en palabras. Ademais dos seus xestos e das súas palabras recollidas en numerosos discursos, alocucións e homilías que orientan a reflexión pastoral e convidánnos permanentemente, son sobre todo as súas decisións as que nos fixeron conscientes de que a conversión pastoral é máis ca unha bela palabra baleira de contido. A reforma do Sínodo de bispos e a súa forma de traballo, as reformas estruturais postas en marcha respecto á sinodalidade da Igrexa⁶, a reforma da Curia, etc. falan por si soas, e de aí as resistencias que provoca nalgúns sectores de nosa Igrexa.

4 XOÁN XXIII, *Gaudet Mater Ecclesia*, Discurso inaugural do Concilio Vaticano II, 11 de outubro 1962, en: http://www.vatican.va/content/john-xxiii/é/speeches/1962/documents/hf_j-xxiii_spe_19621011_opening-council.html

5 PAPA FRANCISCO, *Carta al pueblo de Dios que peregrina en Alemania*, 29 de xuño de 2019.

6 COMISIÓN TEOLÓXICA INTERNACIONAL, *La sinodalidad en la vida y la misión de la Iglesia*, San Pablo, Madrid 2018.

2.- Claves para interpretar o momento presente

Tras todo isto tampouco hai simples intuicións, por moi evanxélicas que estas puidesen ser, nin improvisacións nos cambios, senón todo un proxecto, encarnado en primeiro lugar pola mesma persoa do papa, o seu estilo e os seus xestos⁷, e a súa forma de desenvolver o ministerio petrino, tal e como a exhortación anunciaba (EG 32). Un proxecto que, sen dúbida, posúe unha serie de claves que nos permiten comprender cara a onde este quere dirixir á Igrexa. Unha serie de claves, que non só se conectan entre si, senón que nunha especie de circularidade retroaliméntanse unhas a outras, facendo que un proxecto tan ambicioso teña unha unidade e unha harmonía. Cales son estas? Sen pretender esgotalas todas, quero determe, aínda que sexa con trazo grosso, nas que considero máis importantes.

Para iso partirei dunha clave que, aínda que xa debería estar superada desde hai longo tempo, por desgraza permanece aínda demasiado presente entre nós. Refírome á acentuación das diferenzas e da desigualdade entre os membros que formamos a Igrexa, o pobo de Deus, por encima do que nos identifica a todos, ás diferenzas entre os membros do pobo de Deus que ao longo da historia se foron creando e consolidando, e ate xustificando como dereito divino, que formuladas por medio de disxuntivas (xerarquía/fieis, clérigos/laicos, Igrexa docente/discente, etc.). Unha forma de comprender a Igrexa na que uns, os menos, acaparaban non só a dirección senón a acción evanxelizadora, o apostolado ao que todos fomos chamados (EG 111ss.). Algo que xa quixo deixar resolto *Lumen Gentium*, pero que seguimos arrastrando como unha maldición, fonte de patoloxías eclesiais como o clericalismo (EG 102)⁸.

Para o papa Francisco «A Igrexa en saída é a comunidade de discípulos misioneiros que dan o primeiro paso, que se involu-

7 Non me deteño a analizar ningún destes, mais foi o primeiro que desde a súa chegada permitiu a todo o mundo tomar conciencia de que un «estilo novo» un «aire fresco» chegaba á Igrexa.

8 O. C. VÉLEZ, «¿Será posible un ministerio ordenado sin clericalismos?», *Sal Terrae*, 2020 (1257), pp. 617-628.

cran, que acompañan, que frutifican e festexan» (EG 24). Para el todos os membros do Pobo de Deus sen excepción, polo feito do noso bautismo, somos discípulos-misioneiros (EG 111-134). Un número, o 24, no que o papa desenvolve dunha forma belísima e apaixonada o proxecto evanxelizador da Igrexa e o papel que cada un dos seus membros debemos desenvolver na nosa forma de relación co mundo.

Esta primeira clave, a da igualdade e a corresponsabilidade de todos os membros, introdúcenos nunha segunda, ao meu modo de ver fundamental, que sobre todo nestes últimos anos está a formularse cada vez con maior claridade e dunha forma máis explícita. Refírome á sinodalidade, que o papa Francisco, nun contexto de desenvolvemento das propostas conciliares, define como «camiñar xuntos», e que debe operar a todos os niveis.

«O Concilio Vaticano II marcou un importante paso na toma de conciencia que a Igrexa ten tanto de si mesma como da súa misión no mundo contemporáneo. Este camiño iniciado hai máis de cincuenta anos séguenos estimulando na súa recepción e desenvolvemento e aínda non chegou á súa fin, sobre todo, en relación á sinodalidade chamada a operarse nos distintos niveis da vida eclesial (parroquia, diocese, na orde nacional, na Igrexa universal, como nas diversas congregacións e comunidades)» (Carta do papa Francisco ao pobo de Deus que peregrina en Alemaña, 29 de xuño de 2019)⁹.

Sen dúbida, para que isto sexa posible, é necesario o diálogo a todos os niveis e en todas direccións. Velaí a terceira clave de comprensión do proxecto. Un diálogo que supón, sen dúbida, unha actitude, mais que necesita de canles e medios.

Que entende o papa Francisco por diálogo na Igrexa? Cales son os seus fundamentos e en que direccións se dirixe? Un fundamento, que non debemos pasar por alto, é que o primeiro e princi-

9 http://w2.vatican.va/content/francesco/é/letters/2019/documents/papa-francesco_20190629_lettera-fedeligermania.html

pal diálogo que debe darse na Igrexa e en cada un dos crentes é o diálogo coa Palabra de Deus. A primeira vista sorprende que nun documento programático como *Evangelii Gaudium* o papa dedique un apartado tan amplo á homilía (EG 135-144), mais unha lectura atenta destes números permítenos caer na conta de que a homilía para Francisco é precisamente isto, o diálogo, a conversa da nai cos seus fillos, unha conversa na que se desenvolve «o diálogo do Señor co seu pobo» (EG 139-141). E é que sen este primeiro diálogo fundamentador de todos os demais diálogos na Igrexa, esta converteríase nunha simple asociación de veciños ou nun mero club social.

Un diálogo coa Palabra de Deus que debe empuxar a todos os crentes a prescindir de todo aquilo que nos divide algunhas veces, para buscar con sincero corazón a vontade de Deus para aquí e para agora, que sen dúbida nos leva á fraternidade e disposición ao servizo. Unha Palabra que nos fai saír de nós mesmos para atoparnos co outro, para anunciarlle a alegría do Evanxeo, para establecer e estreitar lazos de fraternidade, e para facer xuntos o camiño, para exercer a sinodalidade.

E un diálogo entre os distintos membros da Igrexa, no que non soamente poidamos coexistir en paralelo distintas sensibilidades, espiritualidades, lecturas teolóxicas, formas de exercicio da vida cristiá, etc., senón que poidamos afectarnos e enriquecernos uns a outros. Porque non é suficiente a cohabitación máis ou menos pacífica. O obxectivo é a comunión na pluralidade, e para iso son necesarias, ademais das actitudes necesarias para o diálogo, crear as canles e os órganos de participación e de diálogo sinodal co fin de poder levar a cabo a comunión.

Neste sentido, despregar a nosa mirada sobre a metodoloxía utilizada na preparación e no desenvolvemento dos últimos sínodos de bispos permítenos caer na conta do cambio que se está efectuando entre nós. Non son unicamente os temas abordados, algunhas veces moi controvertidos, senón a forma de levalos a cabo aumentando a participación do pobo de Deus (enquisas, consultas, desenvolvemento en dous momentos, participación de expertos...).

Hai todo un intento de exceder a colexialidade, para dar paso a un exercicio máis explícito da sinodalidade propiamente dita¹⁰.

Todo isto lévanos á cuarta clave de comprensión do proxecto actual, que non é outra ca a forma en que a Igrexa mesma é comprendida. Unha comprensión que, feita desde alguén que chega desde a outra parte do mundo, ten un acento máis universal e menos romano, máis colexial e menos unipersoal. Todo iso supón continuar desenvolvendo a teoloxía das Igrexas locais e a súa misión, tanto nos lugares da terra nas que están implantadas como na articulación da comunión entre elas e coa sede de Pedro, co fin de manifestar a riqueza e a pluralidade da Igrexa universal. Creo que neste contexto debemos situar o sínodo da Amazonía e a exhortación apostólica posterior¹¹.

Unhas Igrexas locais que se articulan en comunidades que se estenden por gran parte do planeta como unha inmensa rede. Comunidades pequenas e de tamaño medio (segundo as categorías da psicoloxía social), que se deben caracterizar polo seu tamaño, un tamaño humano, no que cada un dos crentes pode ser recoñecido polo resto dos membros, ocupar o seu lugar e participar activamente na construción do Reino segundo as súas calidades, desexos e posibilidades reais. Unhas comunidades nas que se poida vivir a fraternidade. Unha fraternidade fundamentada na paternidade de Deus e a encarnación de Cristo, que se manifesta no amor mutuo e no servizo, especialmente aos máis débiles. Comunidades de ordes e con características moi diferentes, mais todas elas ao servizo da humanidade, e en concreto daquela parte da humanidade na que están implantadas, participando das súas esperanzas e nos seus medos, das súas necesidades e os seus retos.

Esta estrutura eclesial, e en concreto o seu carácter comunitario, penétranos na última clave que aquí propoño para comprender o proxecto do papa Francisco, que é a ministerialidade.

10 COMISIÓN TEOLÓXICA INTERNACIONAL, *La sinodalidad...*, n. 7.

11 PAPA FRANCISCO, *Exhortación Apostólica Postsinodal: Querida Amazonía*, Roma 2020.

Como viñemos desenvolvendo ate aquí, a Igrexa non é para si mesma. A súa razón de ser, aquilo para o que a fundou o Señor, é a evanxelización¹². Un anuncio do Evanxeo que non pode ser o anuncio ou a publicidade dun produto máis nesta sociedade na que todo se compra e se consome, sen que iso afecte á vida das persoas. Nin é, tampouco, o anuncio dun proxecto político-económico-social que pretende mellorar a vida dos cidadáns ou cambiar a orde social facéndoo máis xusto. Somos portadores do anuncio, da realización das primicias da salvación que Deus dispuxo para o xénero humano e mesmo para a mesma creación. «E vin uns ceos novos e unha terra nova, porque o primeiro mundo xa pasara» (Ap 21, 1), tema este querido polo papa Francisco ao que dedica o seu encíclica *Laudato Si*¹³.

Unha salvación que non se anuncia unicamente cos beizos, senón que se fai presente coa forma de ser e de estar cada un dos crentes no medio da sociedade na que lle tocou vivir, nunha actitude de servizo a todos, mais de forma especial aos máis débiles (EG 209ss.). Esta actitude de servizo, ministerial, que debe caracterizar a forma de facerse presente a Igrexa no medio do mundo, non é unicamente para facer crible a mensaxe do Evanxeo, que non o necesita, porque ten verdade en si mesmo e responde ás necesidades máis profundas do ser humano, senón principalmente para facer crible á mesma Igrexa e ás testemuñas da fe. Como xa sinalaba San Paulo «levamos un líquido precioso en vasillas de barro» (2Cor 4, 7). Non é a vasilla quen fai precioso ao líquido, senón este segundo o que enche de sentido a función da primeira. Algo que a mesma historia da Igrexa veu demostrando durante séculos, porque nin nos seus momentos máis escuros puido acalar a forza do Evanxeo do que era portadora. «Non se pode ocultar unha cidade posta no alto dun monte...» (Mt 5, 14ss.).

Por iso, dito isto, aínda que a veracidade e a credibilidade da mensaxe non depende dos que o anuncian, a responsabilidade que

12 PAULO VI, *Exhortación Apostólica Postsinodal: Evangelii nuntiandi*, n. 15, Roma 1975.

13 PAPA FRANCISCO, *Carta encíclica Laudato Si*, Roma 2015.

se desprende do seu anuncio enfróntanos a cada un dos misioneiros para radicalizar a nosa vida como discípulos, co fin, entre outras cousas, de ser fieis á vocación á que fomos chamados, de tal maneira que non pervertamos o anunciado, participemos da súa veracidade, e con iso non nos convertamos en suxeitos de condenación. Por iso é polo que a conversión pastoral teña tamén consecuencias na conversión persoal dos discípulos-misioneiros.

Unha actitude de ministerialidade, pois, que necesariamente subverte as estruturas mundanas, e moitas veces eclesiásticas, onde o poder debe ser desterrado para ser implantado o servizo. Non en balde na forma de entender o papa Francisco á Igrexa, a imaxe da que en varias ocasións se ten servido, é a piramidal, mais faino subvertendo a imaxe para convertela así nunha pirámide invertida:

«Xesús constituíu a Igrexa poñendo no seu cume ao Colexio apostólico, no que o apóstolo Pedro é a «rocha» (Mt 16, 18), aquel que debe «confirmar» aos irmáns na fe (Lc 22, 32). Mais nesta Igrexa, como nunha pirámide invertida, a cima atópase por baixo da base. Por iso, quen exercen a autoridade chámanse «ministros»: porque, segundo o significado orixinario da palabra, son os máis pequenos de todos. Cada bispo, servindo ao pobo de Deus, chega a ser para a porción do rabaño que lle foi encomendado, vicarius Christi¹⁴, vigaio de Xesús, quen na última cea se inclinou para lavar os pés dos apóstolos (Jn 13, 1-15). E, nun horizonte semellante, o mesmo sucesor de Pedro é o servus servorum Dei¹⁵ (Discurso do papa Francisco con motivo da conmemoración do 50 aniversario da institución do Sínodo dos Bispos. 17 de outubro de 2015)¹⁶.

Nin que dicir ten que a articulación da Igrexa en comunidades fai que os ministerios recuperen a súa razón de ser. Estes non

14 Conc. Ecum. Vat. II, Cost. dogm. *Lumen Gentium*, sobre a Iglesia, 27.

15 *Discurso de clausura de la III Asamblea General extraordinaria del Sínodo de los Obispos*, 18 de outubro de 2014.

16 http://w2.vatican.va/content/francesco/é/speeches/2015/october/documents/papa-francesco_20151017_50-anniversario-sinodo.html

poden ser xa entendidos como estados de perfección. Todos os membros do pobo de Deus somos os que, cada un desde o seu lugar e misión, estamos chamados á santidad. E moito menos poden ser entendidos como unha forma de alcanzar un status ou unha dignidade. A crítica do papa ao clericalismo, carreirismo eclesiástico, etc. é permanente. Moi ao contrario, é a acción evanxelizadora e a dinámica interna das comunidades as que xeran a necesidade dunha serie de servizos, e é o Espírito o que suscita os ministerios adecuados e elixe as persoas para que estas necesidades sexan cubertas, porque, aínda que toda a Igrexa e todos os seus membros debemos ter unha actitude ministerial, non é menos verdade que algúns de entre nós son elixidos para o exercicio de ministerios e servizos concretos, como se recolle xa nos Feitos dos Apóstolos na institución dos primeiros diáconos (Hch 6, 1ss.).

Atopámonos, pois, ante unha nova recepción e aplicación do Concilio que ten unha coherencia interna e un valente desenvolvemento por parte do papa Francisco, ante a cal non podemos quedarnos indiferentes. Así, mentres uns senten que a reforma da Igrexa, a súa forma de articularse, de presentarse ante o mundo e o seu modo de evanxelización non é suficientemente radical e valente, porque non acaba de asumir en plenitude os cambios tan fenomenais que se deron no noso mundo, nin se encara suficientemente a radicalización evanxélica; outros considéranla demasiado revolucionaria, porque cren que se tira pola borda gran parte do mellor da tradición da Igrexa, poñendo en perigo a súa credibilidade e, o que é máis importante, desorientando e mesmo escandalizando ao pobo sinxelo. Persoalmente considero que, aínda que poida haber algo de razón en ambas as posturas, porque neste mundo non hai nada perfecto, de aí a permanente necesidade de conversión, a proposta do papa Francisco atópase na lóxica do Vaticano II e responde á coherencia que nos pide o Evanxeo. Outra cousa é que saibamos dar a talla á hora da súa realización concreta por parte de cada unha das nosas igrexas particulares, as nosas comunidades, e de cada unha das nosas persoas.

3.- Consecuencias para a Igrexa universal e para a Igrexa en Galicia en concreto

Neste marco da concreción práctica é no que agora quero abordar a segunda parte do título proposto para o presente artigo: as consecuencias que todo isto debe ter para a Igrexa en Galicia.

Como é fácil de comprender, non son eu a persoa que poida nin que deba facer esta reflexión nin formular propostas concretas detalladas ao non pertencer a esta Igrexa. A miña opinión non deixaría de ser isto, unha opinión, e unha opinión non suficientemente contrastada coa realidade que aí se vive. Co risco que isto aparelle de non dicir máis que bobadas. Mais, dito isto, creo que si podo e debo dar pistas para orientar a reflexión, as propostas e a toma de decisións dos que forman parte daquela Igrexa.

Para abordar este tema, unha vez máis é útil apelar á metodoloxía pastoral (ver-xulgar-actuar), á que tanto debemos na Igrexa actual, e que está precisamente na base do proxecto do papa Francisco.

Partamos, pois, dunha mirada, unha visión, que debe dirixirse en diferentes direccións, e non conformarse cunha única. Sen dúbida, a nosa mirada debe dirixirse en primeiro lugar á realidade social e aos cambios tan acelerados como os que vivimos na sociedade actual e o momento concreto que nos está tocando vivir. Unha mirada que debe concretarse na realidade social galega.

Esta mirada fainos caer, unha vez máis, na conta de que os cambios son rápidos e profundos, e que non resulta fácil predicir a dirección que toman. Isto é máis ca unha frase feita. Os cambios sen dúbida son moitos. Non temos máis ca retrotraernos coa imaxinación a trinta ou corenta anos atrás, por poñer un exemplo, para ver todo o que cambiou. Cambios moi rápidos no científico, no tecnolóxico, os costumes, a organización social... Quen nos ía dicir hai uns anos que todos, novos e maiores, íamos depender do teléfono móbil, das pantallas...? Quen podía pensar que as relacións de parella, a vida familiar, por exemplo, ían sufrir as transformacións que sufriron? E é que os cambios non soamente son moitos e moi rápidos, senón que inciden nos ámbitos máis profundos da

nosa identidade persoal e social, creando unha identidade nova. É toda unha revolución cultural. Cambia a nosa forma de pensar, e os medios cos que elaboramos o noso pensamento, que xa non se atopa tanto na palabra e no razoamento, como na imaxe e as emocións. A lei do desexo, diría Pedro Almodóvar.

Isto non é bo ou malo. As cousas non son tan simples. É un cambio cultural, como houbo outros ao longo da historia, coas súas luces e coas súas sombras, mais que en calquera caso configura o espazo no que o Evanxeo debe resoar coa súa novidade e coa súa vitalidade, de tal maneira que poida conectar co home e coa muller de hoxe.

Uns cambios que non só pola súa rapidez e profundidade, senón pola súa orientación, resúltannos impredecibles. Quen nos ía dicir soamente hai uns meses que iamos falar da «nova normalidade». Cando parecía que todo levaba unha dirección e nos sentiamos seguros, e ate un pouco prepotentes, hoxe sentimos que é suficiente con ir vivindo o día a día, co ir tirando á espera de que as cousas (a saúde, a economía, a política...) non se sigan esborallando ante os nosos ollos coma as cartas dun castelo de naipes sen que saibamos moi ben que facer. Son moitos os concidadáns nosos que están a vivir angustiados a nova situación.

Unha mirada que debe dirixirse tamén á situación eclesial do momento actual da Igrexa en Galicia. Unha mirada sobre quen son aqueles que a forman, e quen e por que outros están ausentes. Cal é a súa capacidade de transmisión da fe ás seguintes xeracións? O envellecemento ou non dos seus membros, as dificultades para a substitución xeracional dos presbíteros e dos axentes da pastoral... (hai algúns anos falabamos dos ministros da Palabra á espera de presbítero, hoxe hai moitas Igrexas que xa non os esperan, polo menos a curto prazo). Non está a falar o Espírito á Igrexa a través destes signos dos tempos? Non escoitalo sería unha tolemia e non responder á súa chamada unha traizón.

É necesario, tamén, ver e recoñecer os signos de vida que nacen e crecen nas nosas igrexas e comunidades. Non todo é o cuanti-

tativo, senón que é necesaria unha mirada cualitativa sobre a realidade eclesial. Creo que esta mirada cualitativa permítenos afirmar que estamos a vivir un momento apaixonante do cristianismo, polo menos na Igrexa española, como probablemente non houbo en moitos séculos. Case teríamos que retrotraernos aos primeiros séculos da Igrexa. Nunca tivemos un laicado tan consciente e responsable como na actualidade. Nunca tivemos comunidades de base (comunidades, parroquias, movementos...) tan vivas coma neste momento. Nunca unha pluralidade ministerial, e tantas persoas dispostas a asumir responsabilidades e servizos coma agora (axentes de evanxelización, catequistas, voluntarios da caridade, etc.). Probablemente todo isto, a diminución numérica e a calidade dos nosos cristiáns son o froito dunha fe acrisolada na cribada da indiferenza relixiosa e do hedonismo do noso contexto social, que procrearon unha xeración que vive un cristianismo dunha forma máis consciente, serena e comprometida.

A mirada, pois, cando ten un horizonte amplo, e non se circunscribe nunha única dirección, permítenos recoñecer a complexidade social e eclesial, e superar tanto os derrotismos como os optimismos inxenuos.

Máis aló da mirada e da escoita atenta á realidade propias do ver, debemos abordar o segundo paso da metodoloxía pastoral, o xulgar. Un xuízo que nunca é condenación, senón discernimento a partir do coñecido deste momento histórico e do que Deus quere hoxe para aquí e para agora da súa Igrexa.

Ese xuízo ten dous momentos, un de discernimento e outro de soño utópico. O primeiro fai referencia á confrontación entre o visto e o que entendemos que é a vontade de Deus, a partir do que del coñecemos grazas á súa Palabra revelada. É a tarefa propia da teoloxía pastoral, da oración persoal e comunitaria, do diálogo materno, ao que xa temos feito referencia ao falar da homilía. A pregunta que está no fondo sempre vira ao redor da relación entre o que vemos e o proxecto de Deus. A coherencia entre o que somos e o que vivimos e aquilo ao que fomos chamados. Este xuízo non se refire unicamente aos crentes ou á Igrexa, senón que o xuízo pasto-

ral ten, tamén, unha dimensión profética, que nos permite dirixir a nosa reflexión á orde social, así como aos nosos concidadáns. Unha reflexión e unha proposta que fai referencia á moral persoal e social, reclamando xustiza, honradez, equidade, paz... No fondo, a nosa proposta fundamentada na doutrina antropolóxica e social da Igrexa ten un carácter universal, porque cremos que responde aos desexos máis profundos da nosa natureza humana.

O xuízo ten, tamén, unha dimensión utópica, que se fundamenta na capacidade de soñar e a esperanza que aniña no máis profundo do noso ser humano. Esta forma de desenvolver o xuízo non se centra tanto no presente, o hoxe visto e vivido, senón no futuro. Onde e como será nosa Igrexa dentro de vinte anos? Será quen de responder ao soño que Deus ten dela? Como proxectar un futuro máis fiel e auténtico? Que propostas debemos facer para hoxe, de forma que o mañá poida ser alcanzado? Esta capacidade de soñar o futuro necesita sen dúbida de creatividade. Unha creatividade que nos permita distinguir o fundamental do accesorio, e non agarrarnos compulsivamente a costumes ou rutinas que nos dan falsas seguridades e evítannos o risco de equivocarnos.

E, por último, todo este proceso necesariamente debe desembochar no actuar. Na formulación dun proxecto operativo. Un proxecto realista e compartido que poida levar a cabo, porque estea dotado dos medios adecuados para iso. Un proxecto que, respondendo aos dous momentos anteriores, se desenvolva coa liberdade necesaria para non aferrarse ao imaxinado senón ser quen de responder ao que no camiño vaíamos descubrindo. Mais tanto no ver coma no discernir e no actuar un camiño que non se fai en solitario, nin que uns imponen a outros, senón tecido no diálogo fraterno, na sinodalidade da que xa falamos.

Antonio Ávila Blanco
Inst. Superior de Pastoral (UPSA)

Traduciu **Chema Felpeto**